



**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE  
CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 09 DE SETEMBRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Ratificación se procede da urxencia da convocatoria.
- 2 Proposta de adhesión ao acordo marco de colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), para promover e facilitar o desenvolvemento da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno nas Entidades Locais.
- 3 Autorización do aumento da contía global das gratificacións por servizos extraordinarios.

Na casa do Concello, sendo ás 9:00 horas do día nove de setembro de dous mil quince reúnese o pleno do Concello de Redondela en sesión extraordinaria urxente coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, María Teresa París Blanco, María del Carmen Amoedo Dasilva, Arturo González Barbeiro, Julio César Mougán Vázquez, Eduardo José Reguera Ocampo, Leticia González Guisande, Ana Isabel Rey Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Ricardo Figueroa Rodríguez, Beatriz Laíño Ferreira, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Escusan a súa asistencia os/as concelleiros/as: Digna Rosa Rivas Gómez, Francisco Javier Alonso González, Jorge Varela Couñago e José Bernardo Crespo Abal

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretario o secretario xeral Acctal. da corporación, Alberto Pensado Seijas.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

**INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

**1.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA**

Sometida o asunto a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 15 votos a favor (8 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 2 abstencións (2 de AER).

**2.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), PARA**



## CONCELLO DE REDONDELA

### **PROMOVER E FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACESO A INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO NAS ENTIDADES LOCAIS.**

#### ANTECEDENTES

Proposta da Alcaldía de data 02 de setembro de 2015 que se transcribe a continuación:

“O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Federación Española de Municipios e Provincias, co fin de colaborar coas Entidades Locais para o desenvolvemento da LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACESO À INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO NAS ENTIDADES LOCAIS no conxunto das Entidades que integran a Administración Local española asinaron, o pasado 28 de abril de 2015 un acordo marco de colaboración que ten por obxecto o desenvolvemento das actuacións precisas para cumprir coas obrigacións de transparencia, que lles impón a Lei, a través dun portal de transparencia análogo ao da Administración Xeral do Estado.

En base ao anterior e considerando que a data límite para dita adhesión é o 15.09.2015, às 12 horas, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Manifestar a súa vontade de adhesión a este Acordo Marco de Colaboración coñecendo e aceptando as condicións do seu funcionamento e facultando ao Alcalde para o seu desenvolvemento.”

#### INTERVENCIÓNS.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o Goberno decidiu adherirse debido a premura dos prazos.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que votan a favor e pregunta sobre a persoa que se vai a contratar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se opoñen á lei de transparencia promulgada polo PP pero non poñen trabas ao acceso dos cidadáns a información.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que é un tema de última hora que ven a tratarse desde xaneiro e que non se volveu tocar. En principio a decisión ía ser de conta do Goberno e agora pasou a ser de todos.

O Alcalde aclara que a Secretaría indicou que debería ser o Pleno quen tomara o acordo.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que é un punto importante para ser tratado con présas e que debe irse máis aló dos mínimos. Pregunta quen vai levar o Portal, cómo vai ser o funcionamento e senón suporá unha duplicidade trala contratación do Concello dun xestor administrativo informático.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a persoa que o levará a cabo será a persoa responsable do departamento de Novas Tecnoloxías do Concello.

Sinala que non é unha decisión de última hora, senón que cambiou o órgano competente para a súa aprobación. Supérase con creces o estipulado na Lei de Transparencia e a adhesión faise por precaución.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP quere desvincularse das corruptelas do seu propio partido a nivel estatal, e vese obrigado a traer estas iniciativas de cara as próximas eleccións.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que presentaron 6 mocións neste eido na anterior lexislatura e temen que se use o Portal para levar a cabo o que o Concello comprometerase co xestor administrativo xa contratado.



## CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que non se explicou a compatibilidade e que o Departamento de Novas Tecnoloxías queixouse da falla de persoal ante os medios existentes dispoñibles.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a Lei é de 2013 e que a iniciativa non ten fins preelectorais. Tense a seguridade que o departamento de Novas Tecnoloxías o levará a cabo e cumprirse en tempo, xa que ata o de agora non houbo atraso.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a proposta a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 10 votos a favor (8 do PP, 1 do BNG e 1 da Concelleira non adscrita), e 7 abstencións (5 do PSdeG-PSOE, 2 de AER).

### **3.- AUTORIZACIÓN DO AUMENTO DA CONTÍA GLOBAL DAS GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS**

#### ANTECEDENTES

Proposta da Alcaldía de data 7 de setembro de 2015 que se transcribe a continuación:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar ao longo deste ano.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-07.09.15.1 de 7 de setembro que consta de catro páxinas.

En virtude do que antecede, esta Alcaldía, propón ó concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 46.015,00 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

#### INTERVENCIÓNS

A concelleira AMOEDO DASILVA di que é debido a que a Policía Local tivo que prestar servizos extraordinarios.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que votará a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que votará a favor.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que votarán a favor, pero indica que só cubre a débeda actual, co cal en setembro volverá a ocorrer a mesma situación.

O interventor sinala que estanse a tratar as horas realizadas que constan oficialmente no departamento de Persoal.

O alcalde sinala que de ser necesario, no mes seguinte volverase a facer.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que debe existir previsión e planificación, xa que as horas extraordinarias supoñen unha cantidade moi considerable.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que falta persoal no Concello, sobre todo respecto a Policía Local e a fórmula de cubrir as necesidades é mediante as horas extra.



## CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que respecto aos eventos, estes non parecen extraordinarios como por exemplo a limpeza de moquetas e refírese a casos concretos de xornadas de 18 horas traballadas.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que respecto a Policía Local, o Concello levou a cabo un desmantelamento do Servizo de Protección Civil e reitera a necesidade de planificación.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as horas son en concepto de reforzo. Non é o mesmo as funcións desenvolvidas pola Policía Local que as realizadas por Protección Civil e que non existe tal desmantelamento. Por outro lado, sinala que non existe a explotación a que se refire AER. O importante é que a xente cobre polas horas extraordinarias realizadas e, se pode ser, en tempo.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ aclara que houbo xornadas de 7 horas máis 8 horas veladas de traballo nalgúns traballadores do Concello.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a proposta a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 17 votos a favor (8 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 2 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

E finalizado o asunto a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as nove horas e trinta e seis minutos do día indicado no encabezamento, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.-